

2015

Xunta de Galicia

**[PROGRAMA DE IMPULSO
DEMOCRÁTICO DA XUNTA
DE GALICIA 2015-2016]**

Índice

1. INTRODUCCIÓN	4
2. DEFINICIÓN DE MISIÓN, VISIÓN E VALORES	6
3. OBXECTIVOS E EIXES DO PROGRAMA	7
4. EIXES DE ACTUACIÓN	10
A) Eixe 1. Elaboración e tramitación do proxecto da Lei de transparencia e bo goberno de Galicia	10
Medida 1.1. Apertura dun foro de participación da cidadanía na elaboración da Lei de transparencia e bo goberno de Galicia	12
Medida 1.2. Definicións en materia de transparencia	13
Medida 1.3. Obrigas de subministrar información	14
Medida 1.4. Regulación do portal web de transparencia e goberno aberto	15
Medida 1.5. Publicidade activa	16
Medida 1.6. Regulación e normalización do exercicio do dereito de acceso á información pública.....	17
Medida 1.7. Control e seguimento da transparencia	20
Medida 1.8. Participación cidadá.....	21
Medida 1.9. Bo goberno.....	22
B) Eixe 2. Deseño e implantación do portal de transparencia e goberno aberto na propia web institucional.	25
Medida 2.1. Establecer protocolos transversais de funcionamento e procedemento de actualización de datos.....	30
Medida 2.2. Incorporar no Portal as obrigas de publicidade activa previstas na lexislación básica así como incluír novos indicadores que superen e complementen as ditas obrigas e establecer unha sección no portal con acceso aos indicadores das áreas de transparencia previstas pola organización Transparency Internacional (TI) España así como da observancia do seu cumprimento	31
Medida 2.3 Garantir o exercicio do dereito de acceso á información pública	33
Medida 2.4. Incorporar ao portal web de transparencia e goberno aberto mecanismos que garantan a participación cidadá.....	34

Medida 2.5. Interconexión do portal web de transparencia e goberno aberto cos demais portais informativos da Xunta de Galicia e do seu sector público autonómico.....	36
Medida 2.6. Interconexión do portal web de transparencia e goberno aberto cos portais de transparencia doutras institucións.	38
Medida 2.7. Aplicación móbil gratuíta	39
Medida 2.8 Difusión do portal de transparencia e goberno aberto	40
C) Eixe 3. Impulso do portal Abert@s - Portal Open Data da Xunta de Galicia.....	41
Medida 3.1. Elaboración dun protocolo para a incorporación de novos conxunto de datos.....	43
Medida 3.2. Dar maior difusión do portal Abert@s - Portal Open Data da Xunta de Galicia.....	44
D) Eixe 4. Aprobación dun novo decreto do Rexistro de Convenios	45
E) Eixe 5. Elaboración e tramitación dunha nova Lei de Ordenación da Asistencia Xurídica da administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público....	46
F) Eixe 6. Impulso e seguimento das medidas do Código ético Institucional da Xunta de Galicia	47
Medida 6.1. En materia de contratación pública.....	48
Medida 6.2. En materia de procesos selectivos.....	49
Medida 6.3. En materia de viaxes oficiais ao exterior dos cargos da Administración autonómica	50
Medida 6.4. En materia de mostras de cortesía e/ou atencións protocolarias.....	51
Medida 6.5. En materia de transparencia parlamentaria	52
G) Eixe 7. Impulso dun maior control de subvencións e bolsas para evitar posibles fraudes .	53
H) Eixe 8. Establecemento de mecanismos de control da legalidade e de seguridade xurídica e de colaboración no eido local	55
Medida 8.1. Atribución ao Consello de Contas da facultade de emitir informe facultativo sobre os reparos presentados polos interventores das entidades locais.....	57
Medida 8.2. Atribución ao Consello Consultivo de Galicia da facultade de emitir informe facultativo sobre os reparos presentados polos secretarios das entidades locais.....	58
Medida 8.3. Control da actividade de contratación pública das entidades locais polo Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia.....	59

Medida 8.4. Atribución á Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da facultade de emitir informe facultativo sobre as dúbidas en materia contractual das entidades locais.....	60
Medida 8.5. Atribución á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística da facultade de emitir informe facultativo sobre as dúbidas en materia urbanística das entidades locais.....	61
Medida 8.6. Asistencia das deputacións provinciais aos concellos na implantación de medidas en materia de transparencia e bo goberno.....	62
I) Eixe 9. Execución e seguimento das obrigas previstas na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e dos indicadores establecidos por organizacións ou entidades europeas/internacionais de recoñecido prestixio en materia de transparencia	63
Medida 9.1 Execución e seguimento das obrigas previstas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.....	64
medida 9.2. execución e seguimento dos indicadores establecidos por organizacións ou entidades europeas/internacionais de recoñecido prestixio en materia de transparencia	68
j) eixe 10. formación en materia de transparencia, ética e bo goberno	69
Medida 10.1 Plan de formación xeral	70
Medida 10.2 Plan de formación específico	71
Medida 10.3 Formación e divulgación do Código ético institucional da Xunta de Galicia.....	72
Medida 10.4. Mellora continua da formación en materia de transparencia.....	73
K) Eixe 11. Elaboración e tramitación dunha lei de financiamento de partidos políticos.....	74
L) Eixe 12. Sistema de seguimento, mellora e actualización do Programa de impulso democrático da Xunta de Galicia.....	75
Medida 12.1. Protocolos de seguimento e control da aplicación do programa.....	76
Medida 12.2 Protocolos de mellora do programa	77
Medida 12.3 Difusión dos resultados de avaliación e seguimento do programa.....	78

1. INTRODUCCIÓN

A Xunta de Galicia considera necesario dar un impulso democrático ao país no cal a cidadanía sexa a protagonista mediante unha meirande participación nos asuntos públicos. Para a consecución deste obxectivo, cómpre unha maior transparencia da actividade das administracións públicas que posibilite a achega de información á cidadanía. Ademais, este impulso democrático debe ir acompañado doutras medidas que rexeneren a vida pública como, entre outras, a reforma no financiamento dos partidos políticos galegos, a mellor regulación no exercicio dos altos cargos, a regulación do traspaso de poderes do goberno en funcións e o establecemento de limitacións nas súas actuacións.

Nun Estado democrático de dereito a publicación de información relativa á organización e actuación das entidades públicas serve, con carácter xeral, para alcanzar a transparencia que permite que os cidadáns poidan visualizar o funcionamento das administracións e, en xeral, o exercicio do poder público, o que cumpre, en primeiro termo a posibilidade de permitir o control da devandita actividade e o seu sometemento á legalidade limitando a arbitrariedade, exixencia consubstancial ao Estado de dereito.

Non obstante, a transparencia cumpre outra finalidade de primeira orde: servir de canle de afondamento na dimensión democrática do Estado, mellorando a posibilidade de participación dos cidadáns nos asuntos públicos, e executar a dimensión democrática do Estado sobre a base dunha cidadanía mellor informada. É dicir, máis alá da función que a transparencia ten como forma de control da actuación das administracións públicas, tamén proporciona a información que é requisito indispensable, non só para facer factible a participación dos cidadáns nos asuntos públicos, senón para que esta conte cunha maior fundamentación, o que deberá repercutir nunha mellora da calidade democrática.

En España a participación da cidadanía nos asuntos públicos é un mandato que fai ás administracións públicas o artigo 9º.2 da Constitución española. Nesta liña, na nosa Comunidade Autónoma, o Estatuto de autonomía, no seu artigo 4º.2, encarga aos poderes públicos de Galicia a tarefa de facilitar a participación de todos os galegos e galegas na vida política, económica, cultural e social, o que indirectamente determina, entre outras cousas, a necesidade de promoción da transparencia de información pública ante o cidadán.

Neste marco, o goberno galego, no seu obxectivo de promover a máxima transparencia da xestión pública, pon en marcha o Programa de impulso democrático da Xunta de Galicia 2015-2016 cun cuádruplo alcance:

- Incrementar e reforzar a transparencia na actividade pública, a través de obrigas de publicidade activa na Administración xeral e nas entidades instrumentais do sector público autonómico.
- Recoñecer e garantir o acceso á información, regulado como un dereito.
- Establecer as obrigas do bo goberno que deben cumprir os responsables públicos así como as consecuencias xurídicas derivadas do seu incumprimento.
- A rexeneración democrática na nosa Comunidade Autónoma.

Ben que no ordenamento xurídico galego xa existen normas sectoriais que conteñen obrigas concretas de publicidade activa, por exemplo, en materia de contratación, subvencións, orzamentos ou actividades de altos cargos, o presente programa suporá un importante avance na materia con respecto á vixente Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración, e ao mesmo tempo terá en conta o novo marco normativo que establece a Lei do Estado 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (BOE núm. 295, do 10 de decembro de 2013).

2. DEFINICIÓN DE MISIÓN, VISIÓN E VALORES

3.1.- MISIÓN

Promover e implantar os procesos e estratexias de transparencia e bo goberno que deben observar e levar a cabo os diferentes órganos e estruturas organizativas da Administración autonómica e das entidades do sector público autonómico de Galicia, favorecendo o emprego racional dos recursos públicos, o impulso da xestión da calidade das políticas públicas e dos servizos públicos, así como a participación cidadá na mellora e avaliación da transparencia do sector público autonómico.

3.2.- VISIÓN

Converter a Administración autonómica e o sector público autonómico de Galicia nunha referencia nacional en canto á realización de actuacións relacionadas coa transparencia, a ética institucional e o bo goberno.

3.3.- VALORES OU PRINCIPIOS RECTORES

No desenvolvemento do presente programa, a organización da Administración autonómica responsable da súa implementación actuará respectando os principios de interese xeral, obxectividade, eficacia, economía e servizo ao cidadán.

3. OBXECTIVOS E EIXES DO PROGRAMA

O Programa de impulso democrático da Xunta de Galicia 2015-2016 responde ao compromiso de avanzar na rexeneración democrática e garantir unha maior transparencia no marco dun Goberno Autonómico máis aberto e participativo.

O seu ámbito de aplicación será a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades instrumentais previstas na Lei 16/2010, do 16 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, sen prexuízo do eixe dedicado á mellora da transparencia no eido local e do eido dedicado ao financiamento de partidos políticos.

Así mesmo o Programa pretende promover a través dos avances en transparencia a eficiencia e a excelencia na xestión pública co obxectivo de acadar unha cultura profesionalizada de medición, autoavaliación e mellora da actividade e do funcionamento do sector público autonómico.

Favorecer o coñecemento da xestión da Administración autonómica a través da difusión e información de determinados datos clave da súa actividade como vía para unha nova forma de Goberno que fai da transparencia e a ética pública un dos seus eixes prioritarios.

O obxectivo último deste Programa, que será desenvolvido en colaboración con todos os departamentos da Xunta de Galicia, é acadar na Comunidade Autónoma de Galicia no ano 2016 o funcionamento dun modelo de transparencia e bo goberno no sector público autonómico que:

- Elabore e tramite o proxecto de Lei de transparencia e bo goberno de Galicia que supere e mellore o modelo recollido na vixente Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega ademais de desenvolver e incrementar a transparencia prevista na Lei estatal 19/2013, do 9 decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- Deseñe e poña en funcionamento un portal web de transparencia e goberno aberto que garanta os principios básicos de accesibilidade, interoperabilidade, calidade e reutilización da información publicada, así como da súa identificación e localización.
- Impulse o portal Abert@s- Portal Open data da Xunta de Galicia.

- Aprobe un novo decreto do Rexistro de Convenios en desenvolvemento da nova Lei de transparencia e bo goberno.
- Elabore e tramite o proxecto de Lei de ordenación da asistencia xurídica da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público que substitúa a vixente Lei 7/1984, do 26 de xuño, de regulación provisional dos servizos xurídico-contenciosos da Xunta de Galicia e defina os criterios para a representación e defensa dos empregados e cargos públicos.
- Impulse as medidas previstas no Código Ético Institucional da Xunta de Galicia que deben orientar e presidir as actuacións e o desempeño profesional no ámbito da Administración autonómica galega.
- Impulse dispositivos de control e supervisión das subvencións e bolsas outorgadas, para previr posibles fraudes.
- Regule mecanismos de control da legalidade no ámbito local que permitan aos órganos de goberno local dispoñer dunha segunda opinión xurídica e axuden a homoxeneizar a interpretación normativa no eido local galego.
- Execute e leve a cabo o seguimento das obrigas previstas na Lei estatal 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, en canto á información institucional, organizativa e de planificación, información de relevancia xurídica e información económica, orzamentaria e estatística. Así como que execute e leve a cabo o seguimento e o cumprimento dos indicadores establecidos organizacións ou entidades europeas/internacionais de recoñecido prestixio en materia de transparencia.
- Promova actividades de formación e sensibilización para un mellor coñecemento das materias reguladas pola Lei de transparencia e bo goberno.
- Impulse medidas conducentes a restrinxir o financiamento dos partidos políticos aos fondos que se fixen nos orzamentos públicos e ás achegas do seus afiliados e simpatizantes.
- Estableza un sistema de seguimento, mellora e actualización do Programa de impulso democrático da Xunta de Galicia que garanta o seu cumprimento para potenciar a transparencia informativa, incrementar a accesibilidade e fomentar a participación cidadá e a súa interlocución coa Administración.

Para sentar as bases deste novo modelo, este programa desenvolverá nos próximos dous anos medidas prioritarias, estruturadas en doce eixos que se corresponden cos obxectivos anteriormente anunciados.

- **Eixe 1. Elaboración e tramitación do proxecto de Lei de transparencia e bo goberno de Galicia.**
- **Eixe 2. Deseño e implantación do portal de transparencia e goberno aberto na propia web institucional.**
- **Eixe 3. Impulso do portal Abert@s - Portal Open Data da Xunta de Galicia.**
- **Eixe 4. Aprobación dun novo decreto do Rexistro de Convenios.**
- **Eixe 5. Elaboración e tramitación dunha lei de ordenación da asistencia xurídica da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público.**
- **Eixe 6. Impulso e seguimento das medidas do Código ético institucional da Xunta de Galicia.**
- **Eixe 7. Impulso dun maior control de subvencións e bolsas para evitar posibles fraudes.**
- **Eixe 8. Establecemento de mecanismos de control da legalidade e da seguridade xurídica e de colaboración no eido local.**
- **Eixe 9. Execución e seguimento das obrigas previstas na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e dos indicadores establecidos por organizacións ou entidades europeas/internacionais de recoñecido prestixio en materia de transparencia.**
- **Eixe 10. Formación en materia de transparencia, ética e bo goberno.**
- **Eixe 11. Elaboración e tramitación dunha lei de financiamento de partidos políticos.**
- **Eixe 12. Sistema de seguimento, mellora e actualización do Programa de impulso democrático da Xunta de Galicia.**

4. EIXES DE ACTUACIÓN

A) Eixe 1. Elaboración e tramitación do proxecto da Lei de transparencia e bo goberno de Galicia

Durante os últimos anos a Comunidade Autónoma Galega avanzou considerablemente en materia de transparencia e bo goberno sendo agora o momento oportuno para o seu impulso definitivo coa aprobación dunha nova Lei de transparencia que supere a vixente.

Estes avances en transparencia e bo goberno enlazan con outros esforzos que se están realizando na presente lexislatura en racionalización e ordenación interna, mellora da xestión e dos servizos, eficiencia e orientación e administración electrónica.

Obxectivos do eixe

Coa aprobación da Lei de transparencia e bo goberno de Galicia preténdese:

- Dar cumprimento á normativa estatal básica establecida na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- Cumprir cos indicadores de medición prescritos pola Organización de Transparencia Internacional.
- Establecer protocolos permanentes de funcionamento, coordinados e temporalizados, tal como require unha Administración orientada á cidadanía.
- Consolidar un conxunto de proxectos de mellora da xestión pública para un goberno máis eficiente, innovador e aberto.

Ámbito de aplicación da lei

O ámbito de aplicación da nova lei deberá ser o máis amplo posible para acadar un índice de transparencia global no conxunto da Comunidade Autónoma, pretendéndose a súa aplicación a todas aquelas persoas e entidades que poidan ser depositarias de calquera información pública.

A través da aprobación desta lei búscase a consolidación dun modelo de goberno aberto que garanta a transparencia na actividade da Administración pública e o dereito da cidadanía a acceder á información pública e a participar nos procedementos de toma de decisións.

Así mesmo, esta norma pretende establecer o réxime xurídico das obrigas de bo goberno que deben cumprir os responsables públicos, incluíndo o seu réxime de incompatibilidades, de conflito de intereses e de control dos seus bens patrimoniais.

En definitiva, a futura lei debe superar e mellorar o modelo recollido na vixente Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega ademais de desenvolver e incrementar a transparencia prevista na Lei estatal 19/2013, do 9 decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Deste xeito regularase a transparencia nas actuacións da Comunidade Autónoma tanto na súa vertente de publicidade activa como publicidade pasiva ou dereito de acceso á información pública, non incluída na información posta á disposición da cidadanía.

Liñas mestras ou medidas do eixe

As liñas mestras ou medidas concretas que comportará o eixe 1 de actuación do presente programa, para acadar a aprobación da devandita lei son as seguintes:

- | |
|--|
| <p>Medida 1.1. Apertura dun foro de participación da cidadanía na elaboración do borrador da Lei de transparencia e bo goberno de Galicia</p> <p>Medida 1.2 Establecer as definicións en materia de transparencia</p> <p>Medida 1.3. Obriga de subministrar información</p> <p>Medida 1.4. Regulación do portal web de transparencia e goberno aberto</p> <p>Medida 1.5. Publicidade activa</p> <p>Medida 1.6. Regulación do dereito de acceso á información pública</p> <p>Medida 1.7. Órgano de control e seguimento da transparencia</p> <p>Medida 1.8. Participación cidadá</p> <p>Medida 1.9. Bo goberno</p> |
|--|

Órganos:

Órgano executor: Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Secretaría Xeral Técnica/Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa)/Asesoría Xurídica Xeral.

Órganos colaboradores: Secretaría Xeral da Presidencia/Secretarías Xerais Técnicas das Consellerías/Amtega.

Prazos:

Apertura do foro de participación cidadá: 1 mes desde a aprobación do Programa de impulso democrático da Xunta de Galicia.

Aprobación do anteproxecto de lei: marzo de 2015.

Remisión do proxecto de Lei ao Parlamento: xuño de 2015.

Medida 1.1. Apertura dun foro de participación da cidadanía na elaboración da Lei de transparencia e bo goberno de Galicia

Apertura dun foro a través do cal a cidadanía participe na elaboración da Lei galega de transparencia e bo goberno co obxecto de que os cidadáns poidan propoñer propostas de mellora da dita lei e con isto intentar acadar a elaboración dun anteproxecto de lei o máis consensuado posible para a súa posterior aprobación lexislativa.

O obxectivo do foro debe ser incentivar a participación cidadá na actuación pública para garantir un proceso de comunicación bidireccional de intercambio de información na elaboración da lei.

Por ese motivo, entre outros instrumentos de comunicación cos que deberá contar o foro de participación deberá terse á disposición da cidadanía un enderezo de correo electrónico específico para realizar calquera consulta ante o órgano encargado de xestionar o foro de transparencia en relación co proxecto de Lei de transparencia e bo goberno.

Medida 1.2. Definicións en materia de transparencia

A lei deberá establecer no seu articulado as definicións dos principais conceptos en materia de transparencia para a súa correcta aplicación.

A lei recollerá, entre outras, as definicións dos seguintes conceptos:

- Goberno aberto.
- Bo goberno.
- Transparencia.
- Publicidade activa.
- Información pública.
- Acceso á información pública.
- Portal web de transparencia e goberno aberto.
- Apertura de datos.
- Reutilización de datos.
- Participación e colaboración da cidadanía.

Medida 1.3. Obrigas de subministrar información

A lei deberá establecer e regular a obriga de subministrar uns mínimos de información actualizada para dar cumprimento ás previsións normativas aos suxeitos que se relacionan a continuación:

- Todas as persoas físicas ou xurídicas que presten servizos públicos ou exerzan potestades administrativas.
- Todas as persoas adxudicatarias de contratos do sector público, a obriga de subministrar información deberá especificarse nos pregos de cláusulas administrativas particulares.
- Todas as persoas beneficiarias de axudas públicas ou subvencións nos termos previstos na súa normativa reguladora e na resolución da súa concesión.

Medida 1.3.1. Contratación pública

Incorporar e normalizar nos pregos de cláusulas administrativas particulares a obriga de subministrar información por parte dos adxudicatarios de contratos e concesións ás entidades públicas a que se atopen vinculadas co obxecto de dar cumprimento á normativa vixente en materia de transparencia.

Medida 1.3.2. Axudas públicas e subvencións

Incorporar nas bases reguladoras das convocatorias de axudas públicas e subvencións a obriga de subministrar información por parte dos beneficiarios co obxecto de dar cumprimento á normativa vixente en materia de transparencia.

Medida 1.3.3. Multas coercitivas

Prever na lei a posibilidade de impoñer multas coercitivas, logo de apercibimento e audiencia dos interesados, nos casos de incumprimento por estes da obriga de subministrar a información a que están suxeitos, tras efectuar o correspondente requirimento.

Medida 1.4. Regulación do portal web de transparencia e goberno aberto

Na lei deberá regularse a figura dun portal web de transparencia e goberno aberto, co obxecto de dar cumprimento ás obrigas previstas na normativa básica en materia de transparencia e ás adicionais e complementarias que estableza a normativa autonómica en relación coa transparencia informativa e o bo goberno.

A Xunta de Galicia deberá promover, unha vez que a Administración autonómica dispoña deste portal, a súa interoperabilidade cos portais web de transparencia das entidades que integran o sector público autonómico e a Administración local galega.

Unha vez que estea operativo o portal procederase a actualizar puntualmente a información de que dispoña, a cal deberá ser de fácil acceso e comprensión, tanto en galego como en castelán, e tamén para as persoas con discapacidade.

A normativa reguladora do portal deberá garantir os principios básicos de accesibilidade, interoperabilidade, calidade e reutilización da información publicada, así como da súa identificación e localización.

Na lei deberá promoverse que á posta a disposición da información, documentación e tramitación de solicitudes polo sector público autonómico se realice por medios electrónicos en formatos que permitan a súa reutilización.

Medida 1.5. Publicidade activa

Deberá definirse na lei o concepto de publicidade activa. Establecer a obriga de que o sector público autonómico publique, de xeito gratuíto, periódico e actualizado e, de modo comprensible para a cidadanía, aquela información cuxa divulgación resulte de maior relevancia para garantir a transparencia da súa actividade e funcionamento e o control por parte da cidadanía.

A Lei estatal 19/2013, de 9 de decembro, regula nos seus artigos 6, 7 e 8 os contidos que deben ser obxecto de publicidade activa e que deberán ser recollidos no portal.

Deberá regularse na lei galega contidos complementarios aos exixidos pola normativa básica estatal. Así, como mínimo, deberá ser obxecto de publicidade activa e de fácil acceso no portal de transparencia e goberno aberto a seguinte información adicional:

- A relación de competencias así como os traspasos de funcións e servizos asumidos e as delegacións de competencias vixentes.
- O inventario de entes instrumentais.
- As relacións de postos de traballo ou documento equivalente.
- O número total de empregados públicos e a súa distribución por grupos.
- As ofertas públicas de emprego ou instrumentos similares.
- Os procesos de selección do persoal e as listas de selección de persoal temporal.
- Os acordos ou pactos reguladores das condicións de traballo ou das retribucións e incentivos, así como os convenios colectivos vixentes.
- O número de liberados sindicais, indicando a organización a que pertencen, os custos que estas liberacións xeran para as entidades correspondentes e o número anual de horas sindicais utilizadas.
- A débeda pública da Administración, con indicación da súa evolución, do endebedamento por habitante e do endebedamento relativo.
- A estrutura da carteira de débeda, así como o seu calendario de vencemento.
- A relación dos bens inmoebles que sexan da súa propiedade ou sobre os que teñan algún dereito real.
- A relación, entre outros, do número de vehículos que conforman o parque móbil da Xunta de Galicia e o uso a que se destinan.
- As concesións de servizos públicos.
- Os instrumentos de ordenación de territorio e os plans urbanísticos.

Medida 1.6. Regulación e normalización do exercicio do dereito de acceso á información pública

O acceso á información pública é a posibilidade de acceder á información que conste en poder das entidades suxeitas ao ámbito de aplicación da futura lei de transparencia e bo goberno, respectando , en todo caso, os límites ao dereito de acceso á información pública previstos na normativa básica, así como os derivados da normativa en materia de protección de datos persoais e demais normativa aplicable na materia.

A lei deberá garantir o dito acceso á información pública preferentemente por vía electrónica.

En concreto, deberá articularse o dereito de acceso á información pública mediante a regulación expresa na lei das seguintes cuestións:

- O exercicio do dereito á información pública, que non precisará motivación nin invocación da lei.
- Establecer mecanismos de orientación e asesoramento para o exercicio deste dereito, a través do sistema integrado de atención á cidadanía.
- Fomentar que a presentación das solicitudes de acceso a información pública se fagan preferentemente por vía electrónica, facilitando á cidadanía a través do portal web de transparencia e goberno aberto de Galicia modelos normalizados de solicitude.
- Establecer mecanismos necesarios para garantir o exercicio do dereito á información pública de persoas con discapacidade.
- Designar o órgano independente para a resolución das reclamacións fronte ás resolucións expresas ou presuntas en materia de acceso á información pública, con carácter potestativo e previo á súa impugnación en vía contencioso-administrativa.

Medida 1.6.1 Procedemento de acceso á información pública

Deberá definirse e regularse un procedemento normalizado de tramitación e resolución das solicitudes de exercicio do dereito de acceso á información pública, identificando tamén os límites ao exercicio do dito dereito previstos na normativa básica, así como os derivados da normativa en materia de protección de datos persoais e demais normativa aplicable na materia, para garantir o pleno respecto dos dereitos da cidadanía á protección dos seus datos e o correcto funcionamento dos servizos públicos.

Medida 1.6.2 Unidades tramitadoras do procedemento de información pública

Deberán identificarse as unidades específicas da Administración autonómica de Galicia que asumirán as funcións de recibir e dar trámite ás solicitudes de acceso á información, de realizar os trámites internos necesarios para dar acceso á información solicitada e de recoller e difundir a información relativa á publicidade activa.

Medida 1.6.3. Protocolos de seguimento e control

Deberán establecerse e implantarse protocolos de seguimento e control da correcta tramitación das solicitudes de acceso á información pública.

Para o caso de informacións ou documentos aos cales se aplica o dereito de acceso á información pública e que son obxecto maior frecuencia de solicitude de acceso por parte da cidadanía ou entidades interesadas, definirse e aprobarase un procedemento normalizado que asegure a incorporación e a dispoñibilidade da dita información ou documentos públicos no futuro portal de transparencia e goberno aberto de Galicia, co fin de simplificar o acceso do cidadán á dita información ou documentación e, ao mesmo tempo, reducir as cargas administrativas que comporta a tramitación de expedientes de solicitude de acceso á información pública.

Medida 1.6.4. Rexistro das solicitudes de acceso

Deberá implantarse un rexistro administrativo de solicitudes de acceso á información recibidas.

Dito rexistro, específico e informatizado, deberá permitir efectuar un seguimento centralizado dos expedientes de solicitude de acceso á información pública recibidos e tramitados polos órganos directivos ou de apoio administrativo dos departamentos autonómicos que asuman as funcións de tramitación destes expedientes, co obxecto de satisfacer, como mínimo, dúas necesidades:

- a) contar cun sistema de información que permita un control tanto a nivel de unidades tramitadoras dos expedientes como a nivel centralizado desde o centro directivo da Administración autonómica con competencias en materias de avaliación e reforma administrativa, co fin de que este último poida analizar e avaliar o grao de cumprimento de trámites e prazos de tramitación dos referidos expedientes de solicitude de exercicio do dereito de acceso á información pública.

- b) ter un instrumento que facilite que, de xeito periódico, se poidan extraer datos estatísticos sobre a frecuencia de solicitude de acceso a determinadas informacións ou documentos e os ámbitos materiais e obxecto destas co fin de poder decidir que información ou documentación máis solicitada é conveniente publicar de xeito permanente no futuro portal de transparencia e goberno aberto de Galicia.

Medida 1.6.5. Órgano competente para a resolución das reclamacións

En virtude do disposto na disposición adicional cuarta da Lei 19/2013, do 9 de decembro, a Comunidade Autónoma deberá determinar o órgano independente para a resolución das reclamacións que formulen os interesados fronte ás resolucións expresas ou presuntas en materia de acceso á información pública, con carácter potestativo e previo a súa impugnación en vía contencioso-administrativa.

Na lei deberá determinarse cal é o órgano competente para a resolución das ditas reclamacións en materia de acceso á información pública.

Medida 1.7. Control e seguimento da transparencia

Medida 1.7.1. Control e seguimento interno

A Xunta de Galicia establecerá os mecanismos necesarios para a implantación dun control interno do cumprimento das obrigas en materia de transparencia e bo goberno.

Deberá preverse a creación do “selo de transparencia; será este un distintivo para recoñecer os departamentos, órganos e entidades que destaquen polas boas prácticas na materia, e para a súa obtención valoraranse, entre outros, os seguintes criterios: a adaptación e predisposición, a facilidade do acceso á información, as boas prácticas de goberno e administrativas.

Medida 1.7.2. Control e seguimento externo

A lei de transparencia e bo goberno de Galicia deberá identificar o órgano independente, con plena capacidade xurídica e de obrar, a que se lle outorgarán as competencias de velar polo cumprimento das obrigas establecidas nesa lei e na demais normativa de aplicación en materia de transparencia e bo goberno e, en concreto, as seguintes:

- Promover a transparencia da actividade do sector público autonómico.
- Controlar o cumprimento das obrigas de publicidade activa.
- Garantir o dereito de acceso á información pública.
- Garantir a observancia das disposicións de bo goberno.

E, por outra banda, deberá asignárselle ao dito órgano as seguintes funcións:

- Realizar recomendacións para o mellor cumprimento das obrigas legais en materia de transparencia e bo goberno.
- Asesorar en materia de transparencia, do dereito de acceso á información pública e bo goberno.
- Emitir, con carácter previo á súa aprobación, informe sobre proxectos de lei ou de regulamentos en materia de transparencia e bo goberno.
- Avaliar o grao de aplicación da Lei de transparencia e bo goberno, elaborando anualmente unha memoria en que se incluírá información sobre o cumprimento das obrigas previstas e que será presentada ante o Parlamento de Galicia.

Medida 1.8. Participación cidadá

A Administración autonómica fomentará a participación e colaboración da cidadanía, xa sexa a título individual ou colectivo, na elaboración e avaliación das políticas públicas.

A posta en marcha dos mecanismos de participación cidadá, preferentemente por medios electrónicos, deberá ser anunciada a través das distintas canles de comunicación institucional da Xunta de Galicia. O propio portal de transparencia e goberno aberto deberá permitir á persoa usuaria recibir notificacións sobre a apertura de procedementos de participación relativos a aquelas materias do seu interese.

Deberá preverse na Lei de transparencia e bo goberno que a Xunta de Galicia debe propiciar e fomentar a celebración de foros de encontro coa cidadanía, tanto de carácter xeral e continuado, como de carácter específico e puntual, para impulsar a transparencia en relación a determinadas materias e proxectos concretos.

Deberá facerse fincapé en garantir os dereitos de participación cidadá ás persoas con discapacidade, ás persoas en situación de exclusión social, ás persoas maiores ou á mocidade, así como con comunidades galegas asentadas fóra de Galicia.

Deberá publicarse a relación dos procedementos de elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral que estean en curso, indicando o seu obxecto e estado de tramitación, así como a posibilidade que teñen os cidadáns de remitir suxestións e a forma de facelo.

A Xunta de Galicia avaliará o grao de satisfacción e as demandas da cidadanía ao respecto da acción institucional a través dos mecanismos de garantía de calidade dos servizos públicos e da boa administración, como son a presentación de queixas e suxestións.

Medida 1.9. Bo goberno

A Lei debe establecer as normas de bo goberno como un dos eixes fundamentais da acción política da Xunta de Galicia, definindo a figura de alto cargo e recollendo, como mínimo, as seguintes medidas:

Medida 1.9.1. Declaracións dos altos cargos

Os altos cargos están obrigados a formular as seguintes declaracións:

- **Declaración de actividades e intereses**, referida a calquera actividade, negocio, empresa ou sociedade pública ou privada que desenvolvan por si ou mediante substitución ou apoderamento e que lles proporcione ou poida proporcionar ingresos económicos ou nos cales teñan participación ou intereses.

- **Declaración de bens patrimoniais**, referida aos que integren o patrimonio do interesado, comprensiva da totalidade dos seus bens, dereitos e obrigacións, á que se lle xuntará a copia da última declaración tributaria correspondente ao imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) e ao imposto sobre o patrimonio neto no caso de que tivese obriga de presentalo o declarante ante a Administración tributaria. Esta declaración deberá incluír as participacións en todo tipo de empresas e sociedades.
Na presentación das ditas declaracións garantirase o pleno respecto á súa intimidade persoal e familiar.

Medida 1.9.2. Oficina de incompatibilidades e boas prácticas

A Lei de transparencia e bo goberno deberá recoller a regulación da oficina de incompatibilidades e boas prácticas como órgano competente para a xestión do réxime de incompatibilidades previsto nela.

Medida 1.9.3. Rexistro de Actividades e Intereses de Altos Cargos

A lei deberá prever a creación dun rexistro público de actividades e intereses de altos cargos que deberá estar baixo a dependencia da oficina de incompatibilidades e boas prácticas que se cree, e no cal se inscribirán as correspondentes declaracións.

O contido das declaracións inscritas nel, pertencentes ás persoas titulares daqueles postos cuxo nomeamento sexa efectuado por decisión do Consello da Xunta de Galicia, estará dispoñible no portal de transparencia e goberno aberto.

Medida 1.9.4. Rexistro de bens patrimoniais

A lei deberá prever a creación dun rexistro de bens patrimoniais de altos cargos da Xunta de Galicia, que deberá estar baixo a dependencia da Oficina de Incompatibilidades e Boas Prácticas que se cree, e no que se inscribirán as correspondentes declaracións.

Do contido deste rexistro de bens patrimoniais daráselle conta anualmente ao Parlamento de Galicia de acordo co que se estableza no regulamento da Cámara.

Medida 1.9.5 Establecer o procedemento de instrución e resolución dos expedientes sancionadores

Co obxectivo de que os cargos públicos axusten as súas actuacións aos principios de eficacia, austeridade, imparcialidade e, sobre todo, de responsabilidade, a nova Lei de transparencia e bo goberno deberá establecer un réxime sancionador estruturado en tres ámbitos:

- infraccións en materia de incompatibilidades e de conflito de intereses.
- infraccións en materia de xestión económico-orzamentaria.
- infraccións no ámbito disciplinario.

Ademais, a lei deberá regular o procedemento de instrución e resolución dos expedientes sancionadores e determinar os órganos competentes para a súa tramitación.

Medida 1.9.6. Establecer o réxime sancionador

A lei establecerá os feitos constitutivos de infraccións administrativas na materia e as consecuentes sancións pola comisión de tales feitos, sen prexuízo do establecido na Lei estatal 19/2013, do 9 de decembro.

Infraccións

Entre as posibles infraccións deberá incluírse o incumprimento reiterado da remisión de información que ten que ser obxecto de publicidade activa, a falsidade nos datos ofrecidos ou nas respostas ás solicitudes de acceso. Con respecto ás declaracións dos altos cargos deberá preverse, entre outras, a tipificación da infracción nos supostos da non presentación ou da súa falsidade.

Sancións

Entre as posibles sancións deberá preverse a de destitución nos cargos públicos que ocupe o infractor, a obriga de restituír as cantidades indebidamente percibidas ou a obriga de indemnizar á Facenda pública.

Na graduación das sancións debería valorarse a existencia de prexuízos para o interese público, a repercusión da conduta nos cidadáns, e, se é o caso, a percepción indebida de cantidades polo desempeño de actividades públicas incompatibles.

Medida 1.9.7 Establecer limitacións nas actuacións do goberno en funcións

No tempo de permanencia en funcións do goberno cesante, tal e como se define no artigo 29 Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, o goberno deberá limitar a súa xestión ao despacho de asuntos ordinarios, evitando adoptar medidas que condicionen aquelas que deba definir o goberno que o substitúa.

Na Lei de transparencia e bo goberno deberán establecerse aquelas limitacións de actuacións do goberno en funcións que poidan condicionar o novo goberno entrante, entre as que poderían incluírse, entre outras, as seguintes:

- a) O envío de proxectos de lei ao parlamento.
- b) O exercicio das delegacións legislativas outorgadas polo Parlamento.
- c) A adquisición de compromisos de gasto que non teñan a consideración de gasto corrente.
- d) A aprobación ou modificación das relacións de postos de traballo do sector público autonómico.

Medida 1.9.8. Regulación do traspaso de poderes do goberno en funcións

Na lei de transparencia e bo goberno deberán regularse as medidas concretas que deberá tomar o goberno cesante durante a súa permanencia en funcións, destinadas a garantir a subministración ao novo goberno da información pertinente sobre o estado xeral da Administración do sector público galego, entre as que poderán incluírse, entre outras, as seguintes:

- a) A elaboración por cada consellería do goberno en funcións dun informe de xestión relativo tanto a ela mesma como a aqueles entes do sector público dela dependentes.
- b) A agrupación dos distintos informes elaborados por cada consellería nun único documento final que quedará á disposición da persoa titular da Presidencia da Xunta.

B) Eixe 2. Deseño e implantación do portal de transparencia e goberno aberto na propia web institucional.

Obxectivos do eixe

Deseñar e implantar o portal de transparencia e goberno aberto que ocupará un lugar preferente na Web institucional da Xunta de Galicia e que estará operativo todas as horas de todos os días do ano.

O portal de transparencia e goberno aberto da Xunta de Galicia será o enderezo electrónico dispoñible a través de redes de telecomunicacións cuxa titularidade, xestión e administración lle corresponde á Administración autonómica para dar cumprimento ás obrigas en materia de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Recollerase nunha páxina única, actualizada e completa o conxunto de contidos asociados á transparencia, ao cal a nova Lei de transparencia dotará de maior relevancia, o que se pretende, en definitiva, é prestar unha información completa e actualizada á cidadanía a través dun servizo transversal que redunde na excelencia da xestión pública.

O portal garantirá que a información dispoñible nel estea plenamente actualizada e sexa facilmente accesible e comprensible, tanto en galego como en castelán, e tamén para as persoas con discapacidade.

A presentación de contidos será sinxela, dedicando accesos clasificados segundo as diferentes áreas de transparencia (información institucional, sociedade e cidadanía, economía e finanzas, contratación pública, urbanismo e territorio, outros indicadores) e, dentro destes accesos, mostraranse os indicadores de forma que sexa doada a súa consulta.

A Lei estatal 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, refírese ás CCAA no seu artigo 10. 3, no cal regula o portal de transparencia da Administración xeral do Estado establecendo que poderán adoptar outras medidas complementarias e de colaboración para o cumprimento das obrigas en materia de transparencia.

Concluída a primeira etapa de racionalización e simplificación das páxinas web da Xunta de Galicia debe afondarse na promoción da transparencia informativa activa e do dereito de acceso á información pública para a cidadanía galega, poñendo á súa

disposición un específico portal web de transparencia informativa que ofrezca á cidadanía os seguintes beneficios:

1.- Ter un acceso directo e centralizado á información sobre a organización, os recursos e a xestión que desenvolve a Administración autonómica, de xeito que a información xa existente nas páxinas web de cada departamento da Administración poida estar accesible nunha canle web centralizada, en que os cidadáns poderán ter unha fácil identificación e acceso de maneira sinxela e rápida á información do seu interese directo, sen necesidade de que teña que ter coñecementos especializados sobre as administracións públicas ou sobre as consellerías respectivas da Xunta de Galicia, nin dedicar unha gran cantidade de tempo ou esforzo á busca de información sobre a organización, recursos, actividades e servizos que oferta e desenvolve, ou outros aspectos relacionados coa Administración autonómica.

2.- Potenciar un papel máis activo da cidadanía na vixilancia sobre a acción dos poderes públicos a través do aseguramento efectivo do seu dereito de acceso e dispoñibilidade de información sobre a actividade da Administración autonómica.

3.- Establecer unha canle específica para lograr unha maior participación cidadá sobre o coñecemento da Administración pública galega e no desenvolvemento de actuacións dos seus departamentos a través de cinco vías fundamentais:

- a) Presentación de queixas e suxestións.
- b) Presentación de solicitudes de acceso á información e documentos públicos.
- c) Participación na elaboración de proxectos normativos, nos cales a cidadanía poida presentar suxestións ou propostas de mellora dos ditos proxectos normativos.
- d) Participación en procedementos administrativos ou accións que desenvolven os diferentes departamentos da Xunta de Galicia e nos cales estes departamentos deban someter os ditos procedementos ou accións a trámites de información pública antes da súa resolución final.
- e) Utilización das novas canles corporativas de comunicación institucional da Xunta de Galicia e de canles informativas de temáticas especializadas baseadas nos servizos de redes sociais electrónicas e dixitais como Facebook, Twitter, Youtube, Flickr e os blogs, aos cales a Xunta de Galicia está a dedicar un importante esforzo de implantación e actualización continua.

4.- Establecer un acceso directo e maior difusión da iniciativa Open Data da Xunta de Galicia, que debe facilitar ás empresas e á cidadanía en xeral conxuntos de datos dispoñibles na Administración pública, en formatos abertos e reutilizables para a

xeración de servizos e contidos e nos cales a Administración debe responsabilizarse de garantir a calidade, actualización e dispoñibilidade da información facilitada.

A Comunidade Autónoma Galega dispón desde marzo de 2012 do Portal Abert@s - Portal Open Data da Xunta de Galicia en que se a pon á disposición pública datos en forma e maneira que poidan ser facilmente consultados, redistribuídos e reutilizados libremente por calquera que o desexe, gardando en todo momento a debida privacidade e seguridade da información.

Coa posta en marcha deste portal non só se incrementaron en volume e calidade os formatos en que se presenta a información da Administración autonómica, senón que tamén supuxo o aumento da participación das empresas e emprendedores, establecendo mecanismos de interlocución para coñecer as súas necesidades, os seus proxectos e establecer unha canle aberta de comunicación que permita mellorar de forma continúa as prestacións que ofrece Abert@s.

Coa posta en marcha do futuro portal da transparencia e goberno aberto quere darse un paso máis nesta materia, e conterá información publicada de acordo coas prescricións técnicas que se establezan regulamentariamente, que deberán adecuarse aos seguintes principios previstos na normativa básica estatal:

a) **Accesibilidade**: proporcionarase información estruturada sobre os documentos e recursos de información para facilitar a identificación e procura da información.

b) **Interoperabilidade**: a información publicada será conforme o Esquema Nacional de Interoperabilidade, aprobado polo Real Decreto 4/2010, do 8 xaneiro, así como as normas técnicas de interoperabilidade.

c) **Reutilización**: fomentarse que a información sexa publicada en formatos que permita a súa reutilización, de acordo co previsto na Lei 37/2007, do 16 de novembro, sobre reutilización da información do sector público, e na súa normativa de desenvolvemento.

O portal de transparencia e goberno aberto deberá estar interconectado coa Guía de procedementos e servizos e co Barómetro da calidade, previsto na Lei de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración.

Así mesmo, o portal deberá manter un enlace directo co portal web do Servizo Galego de Saúde para permitir o acceso á información sobre o número de pacientes en espera e sobre os tempos medios de acceso, exixida polo artigo 27 da Lei 12/2013, do 9 de decembro, de garantías de prestacións sanitarias.

O portal, tamén deberá estar interconectado co portal de contratación pública de Galicia.

Deberá procederse á integración no portal de transparencia e goberno aberto da Xunta de Galicia os correspondentes portais de todos os entes instrumentais do sector público autonómico.

Deberá promoverse a interconexión do dito portal cos portais de transparencia doutras institucións: do Parlamento de Galicia, dos órganos estatutarios e consultivos de Galicia, das entidades que integran a Administración Local galega e da Administración xeral do Estado. O portal autonómico deberá contar cun enlace directo co portal web de transparencia da Unión Europea.

Impulsáranse as actuacións necesarias para facilitar o acceso ao portal de transparencia e goberno aberto desde unha aplicación móbil gratuíta.

Trámites previos

Previamente á publicación da información no portal web débense levar a cabo unha serie de trámites previos:

- Inventario de situación dos contidos de Transparencia existentes e publicados na internet correspondentes a cada unidade administrativa, a súa actualización e verificación dos contidos nos que é necesaria a creación documental ex novo.
- Aprobación da metodoloxía e folia de ruta que hai que seguir para subir a información ao portal de cara ao avance en transparencia e bo goberno que se enmarcará no Programa de impulso democrático da Xunta de Galicia.
- Comunicación do Programa e da necesaria implicación e priorización das tarefas necesarias a todas as unidades administrativas obrigadas ao seu cumprimento.
- Reunións coas unidades responsables de información de cada departamento autonómico co fin de validar os contidos en materia de transparencia susceptibles de publicación, medidas para crear os documentos idóneos e actualizados e proceso de subida ao portal web.
- Análise de mellores prácticas de transparencia.

A información facilitada no portal corporativo relacionada con contidos de transparencia debe estar sempre actualizada e non duplicada. Ademais, estruturarase na súa maior parte conforme á división de indicadores de transparencia internacional, para facilitar a localización, comprensión e accesibilidade.

Así mesmo, o portal de transparencia e goberno aberto impulsarase partindo dos principios de sinxeleza, gradualidade e eficiencia de custes. Incorporará a información nunha canle unificada segundo o inventario de informacións xa existente e, gradualmente, alimentarase con contidos que requiren elaboración.

O portal é un instrumento vivo e aberto e recollerá progresivamente novos documentos, avances ou innovacións que permitan afianzar a política de transparencia.

Liñas mestras ou medidas do eixe

As liñas mestras ou medidas concretas que comportará o eixe 2 de actuación do presente programa, para acadar a implantación do portal de transparencia e goberno aberto, son as seguintes:

Medida 2.1. Protocolos transversais de funcionamento e procedemento de actualización de datos.

Medida 2.2. Incorporar no portal as obrigas de publicidade activa previstas na lexislación básica así como incluír novos indicadores que superen e complementen ditas obrigas e establecer unha sección no portal de transparencia con acceso aos indicadores das seis áreas de transparencia previstas pola organización Transparency International (TI) España así como da observancia do seu cumprimento.

Medida 2.3. Garantir o exercicio do dereito de acceso á información pública.

Medida 2.4. Incorporar ao portal web de transparencia e goberno aberto mecanismos que garantan a participación cidadá

Medida 2.5. Interconexión do portal web de transparencia e goberno aberto cos demais portais informativos da Xunta de Galicia e do seu Sector Público Autonómico.

Medida 2.6. Interconexión do portal web de transparencia e goberno aberto cos portais de transparencia doutras institucións.

Medida 2.7. Aplicación móbil gratuíta.

Medida 2.8. Difusión do portal de transparencia e goberno aberto.

Órganos:

Órgano executor: Amtega, Secretaría Xeral da Presidencia e Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa).

Órganos colaboradores: secretarías xerais técnicas das consellerías.

Prazos:

Canle de participación cidadá: coa posta en marcha do portal de transparencia e goberno aberto.

Elaboración de protocolos de funcionamento e procedemento de elaboración de datos: primeiro semestre de 2015.

Implantación do portal de transparencia e goberno aberto: segundo semestre de 2015.

Medida 2.1. Establecer protocolos transversais de funcionamento e procedemento de actualización de datos

Para que o Programa de impulso democrático da Xunta de Galicia cree unha nova cultura permanente e transversal que mellore a xestión pública é necesario establecer un conxunto de procesos e protocolos de funcionamento polos que rexerá.

Debe elaborarse unha metodoloxía de traballo e unha folla de ruta que deben seguir todos os suxeitos obrigados para incorporar a información ao portal.

Deberán establecerse protocolos transversais de funcionamento e regular un procedemento de actualización de datos para que os distintos departamentos da Xunta de Galicia subministren e actualicen a información a que están obrigados.

Medida 2.1.1. Formularios de remisión e actualización de datos

Deberán elaborarse os formularios de subministración e actualización de datos para que as distintas unidades xestoras remitan a oportuna información e a súa actualización.

Medida 2.1.2. Formularios de remisión e actualización de datos en materia de contratación pública e axudas e subvencións

Establecer modelos de formularios para que as persoas adxudicatarias de contratos do sector público subministren a información en virtude do previsto no artigo 4 da Lei 19/2013, do 9 de decembro.

Así mesmo, deberán establecerse os modelos de formularios para que todas as persoas beneficiarias de axudas públicas ou subvencións remitan a información requirida nos termos previstos na súa normativa reguladora e na resolución da súa concesión.

Medida 2.1.3. Formularios de remisión e actualización de datos para outros obrigados a subministrar información

Deberán elaborarse os formularios de subministración e actualización de datos para que todas as persoas físicas ou xurídicas que presten servizos públicos ou exerzan potestades administrativas remitan a oportuna información e a súa actualización, en virtude do previsto no artigo 4 da Lei 19/2013, do 9 de decembro.

Medida 2.2. Incorporar no portal as obrigas de publicidade activa previstas na lexislación básica así como incluír novos indicadores que superen e complementen as ditas obrigas e establecer unha sección no portal con acceso aos indicadores das áreas de transparencia previstas pola organización Transparency International (TI) España así como da observancia do seu cumprimento

No portal de transparencia e goberno aberto deberá publicarse de forma periódica e actualizada a información prevista nos artigos 6, 7 e 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Así mesmo o Portal deberá contar cun acceso directo aos índices de transparencia das comunidades autónomas (INCAU) que elabora e publica a organización non governamental Transparencia Internacional España co obxecto de medir o nivel de transparencia da Administración Autonómica, a través da avaliación dos datos e a información publicada no portal en relación cos indicadores e áreas de transparencia de cada índice.

Medida 2.2.1. Publicidade activa prevista na lexislación básica estatal

O portal de transparencia e goberno aberto publicará a información suxeita ás obrigas de transparencia de maneira clara, estruturada e comprensible para a cidadanía.

Medida 2.2.2 Publicidade activa complementaria e adicional á lexislación estatal

Deberán incorporarse ao portal de transparencia e goberno aberto novos indicadores como información complementaria e adicional que supere a prevista na normativa estatal, difundindo información, entre outras materias, sobre información institucional, organizativa e de planificación, de relevancia xurídica e de natureza económica, orzamentaria e estatística, contratación e axudas e subvencións.

Medida 2.2.3. Elaboración dunha sección no portal web de transparencia e goberno aberto na que se teña acceso aos indicadores das seis áreas de transparencia previstas pola organización, non governamental, Transparencia Internacional España, así como da observancia do seu cumprimento

O portal deberá contar cun acceso aos índices de transparencia das comunidades autónomas (INCAU) que elabora e publica a organización non governamental

Transparencia Internacional España co obxecto de medir o nivel de transparencia da Administración autonómica, a través da avaliación dos datos e a información publicada no Portal en relación cos indicadores e áreas de transparencia de cada índice.

As seis áreas de transparencia que se avalían no INCAU son as relativas á información sobre a Comunidade Autónoma, relacións coa cidadanía e a sociedade, transparencia económico-financeira, transparencia nas contratacións de servizos, obras e subministracións, transparencia en materias de ordenación do territorio, urbanismo e obras públicas e os indicadores da Lei de Transparencia estatal.

Medida 2.3. Garantir o exercicio do dereito de acceso á información pública

Deberán establecerse os mecanismos necesarios para que desde o portal de transparencia e goberno aberto poida exercerse o dereito de acceso á información pública, estando regulado o dito dereito no capítulo III, título I, Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Medida 2.3.1 Establecer unha sección no portal de transparencia e goberno aberto en que se teña acceso por parte dos cidadáns aos modelos normalizados para a presentación, tanto presencial como electrónica, da solicitude de acceso á información pública

Facilitar á cidadanía o exercicio do dereito de acceso á información pública mediante a posta a súa disposición no portal de solicitudes normalizadas.

Así mesmo, neste acceso existirá información sobre o órgano administrativo ao que deberá dirixirse a solicitude e o contido mínimo desta: os datos da identidade do solicitante, a información que se solicita, un enderezo de contacto, preferentemente electrónico, para os efectos de comunicacións e, se é o caso, a modalidade que prefira para acceder á información solicitada.

Medida 2.3.2. Asegurar a dispoñibilidade no portal de transparencia e goberno aberto da información cuxo acceso se solicita con máis frecuencia

Unha vez avaliada a información que se solicita con maior frecuencia estableceranse os mecanismos necesarios para que dita información estea accesible no portal.

Medida 2.3.3. Mapa de contidos do portal de transparencia e goberno aberto

Elaborar un mapa de contidos que será publicado no portal no cal queden identificados os distintos tipos de información que conste en poder da Administración pública, clasificado en función órgano que posúe a información.

Medida 2.3.4. Acceso á información pública de persoas con discapacidade

Establecer os mecanismos necesarios para garantir o exercicio do dereito de acceso á información pública de persoas con discapacidade.

Medida 2.4. Incorporar ao portal web de transparencia e goberno aberto mecanismos que garantan a participación cidadá

Medida 2.4.1. Notificacións ou alertas sobre materias de interese para a cidadanía

Establecer os mecanismos necesarios, como a implantación dun servizo electrónico gratuito, para que o portal de transparencia e goberno aberto permita aos cidadáns recibir notificacións ou alertas sobre materias do seu interese, entre outras, a apertura de procedementos relativos á elaboración de disposicións de carácter xeral ou á elaboración de plans e programas de carácter xeral.

Medida 2.4.2. Información sobre as disposicións administrativas de carácter xeral e sobre os plans e programas de carácter xeral

O portal de transparencia e goberno aberto manterá actualizada, cos datos proporcionados por cada departamento, a relación circunstanciada e motivada dos procedementos de elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral que estean en curso, segundo a fase de tramitación en que se atopen, así como dos plans e programas de carácter xeral, en que, por afectar directamente o funcionamento dos servizo públicos, sexa conveniente a participación da cidadanía.

Medida 2.4.3. Queixas e suxestións

O portal de transparencia e goberno aberto permitirá a presentación por parte da cidadanía de queixas e suxestións relativas á actividade institucional.

Medida 2.4.4 Barómetro da calidade dos servizos públicos

Facilitar, a través do portal o acceso da cidadanía ao Barómetro da calidade dos servizos públicos, previsto na Lei de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración, para dar a coñecer a súa opinión e o seu grao de satisfacción en relación coa calidade dos servizos públicos prestados polo sector público autonómico.

Medida 2.4.5. Cartas de servizos

Darase ampla difusión á cidadanía en xeral e ás persoas usuarias dos servizos públicos a que se refire cada carta de servizos a través do portal de transparencia e goberno aberto.

Medida 2.4.6 Facilidade para a presentación de suxestións

Dotarase o portal dos mecanismos adecuados para a dispoñibilidade nel dun formulario web co obxecto de facilitar a remisión por parte dos cidadáns das suxestións e a posibilidade de incorporar documentación anexa, en relación coa elaboración de disposicións de carácter xeral e coa elaboración de plans e programas de carácter xeral.

Medida 2.4.7. Propostas e suxestións da cidadanía

Habilitar un espazo permanente de participación no portal web de transparencia e goberno aberto para que a cidadanía poda realizar propostas e suxestións sobre a información contida nel e así contribuír á mellora do propio portal.

Medida 2.5. Interconexión do portal web de transparencia e goberno aberto cos demais portais informativos da Xunta de Galicia e do seu Sector Público Autonómico

Medida 2.5.1. Establecer un acceso directo/enlace ao portal Abert@s - Portal Open Data da Xunta de Galicia

O portal web de transparencia e goberno aberto deberá estar conectado co portal Abert@s Portal Open Data da Xunta de Galicia, dando así un paso máis cara ao acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos durante as 24 horas do día e proporcionar ferramentas efectivas para achegar a Administración pública á cidadanía, canalizándoa a través dunha relación electrónica.

O portal Open Data da Xunta de Galicia permite que a cidadanía poida reutilizar a información do Sector Público, o uso por parte de persoas físicas ou xurídicas, xa sexa con fins comerciais ou non comerciais, dos datos xestionados e postos a disposición polos organismos do sector público.

O portal de datos abertos é unha iniciativa da Xunta de Galicia para impulsar a apertura de datos en todos os organismos do sector público rexional e promover a súa reutilización, permitindo calquera uso deles sempre que se respecten as condicións de uso establecidas.

Medida 2.5.2. Interconexión do portal web de transparencia e goberno aberto coa Guía de procedementos e servizos

O portal web de transparencia e goberno aberto deberá estar interconectado coa Guía de procedementos e servizos facéndoa máis accesible aos cidadáns mediante a potenciación do uso das novas tecnoloxías.

Así, desde o portal terase acceso á información de toda a relación de procedementos e servizos postos a disposición dos cidadáns e dos empregados públicos, con indicación dos prazos de resolución; sentido do silencio; de cales non poden ser tramitados de xeito electrónico en todo, ou só en parte; así como a normativa aplicable e mais os formularios normalizados que deben utilizarse, en cada caso, para iniciar os procedementos administrativos ou solicitar a prestación de servizos.

Medida 2.5.3 Interconexión do portal web de transparencia e goberno aberto co portal de contratación pública de Galicia

O portal web de transparencia e goberno aberto deberá estar interconectado co portal de contratación pública de Galicia, posto en marcha en 2010, que permite a todos os cidadáns acceder a toda a información e documentación sobre licitacións públicas.

Así, desde o portal a cidadanía poderá acceder á consulta de anuncios de información previa, das licitacións en curso, das adxudicacións máis recentes, de documentación de interese (pregos, datas de apertura, publicacións en outros medios etc) ou dos puntos de contacto e formas de comunicarse co órgano de contratación. Ademais, disporá dun sistema de alertas polo que poderá recibir gratuitamente no seu enderezo de correo electrónico avisos sobre os novos procedementos que se publican na plataforma.

Medida 2.5.4 Establecer un acceso directo/enlace ao portal web do Servizo Galego de Saúde

O portal web de transparencia e goberno aberto deberá contar cun acceso directo ao Portal web do Servizo Galego de Saúde que permitirá á cidadanía acceder a toda a información e documentación do seu interese relativa á sanidade pública galega.

Así, desde o portal a cidadanía poderá acceder á consulta de información sanitaria relativa aos seus dereitos e deberes, aos servizos sanitarios (atención primaria, especializada, urxencias...), consellos de saúde, prevención, saúde laboral, medicación, doazóns ou transplantes, entre outros.

Así mesmo, este portal deberá contar con acceso á oficina virtual para solicitar cita de atención primaria, consultar o estado dunha reclamación ou suxestión ou consulta de listas de espera.

Medida 2.5.6 Interconexión do portal web de transparencia e goberno aberto cos portais dos entes instrumentais do sector público autonómico de Galicia

Desde o portal de transparencia e goberno aberto poderá accederse á información das entidades instrumentais relativa aos seus órganos de goberno, órganos executivos, réxime patrimonial, económico-orzamentario, contratación, axudas e subvencións, contratos plurianuais de xestión, plan de acción anual, informe xeral de actividade e as contas anuais, entre outros.

Medida 2.6. Interconexión do portal web de transparencia e goberno aberto cos portais de transparencia doutras institucións.

A través do portal web de transparencia e goberno aberto deberá establecerse a interconexión cos portais doutras institucións o que permitirá á cidadanía acceder a toda a información e documentación do seu interese relativa a elas.

Medida 2.6.1. Interconexión cos portais do Parlamento, dos órganos estatutarios e dos órganos consultivos de Galicia

Desde o portal de transparencia e goberno aberto poderá accederse á información do Parlamento, dos órganos estatutarios e dos órganos consultivos de Galicia, nos ámbitos previstos na normativa reguladora da materia.

Medida 2.6.2. Interconexión cos portais das Entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia

Desde o portal de transparencia e goberno aberto poderá accederse aos taboleiros de anuncios dixitais e outras ferramentas electrónicas en relación cos cargos electos e cargos de confianza, información relativa ao persoal e á organización local, planificación local, información económico-financiera, contratación, información urbanística e obras públicas, Open Data, normativa e acordos das entidades locais, entre outros.

Medida 2.6.3. Interconexión co portal de transparencia da Administración xeral do Estado

Deberá establecerse a interconexión do portal de transparencia e goberno aberto co Portal de Transparencia da Administración Xeral do Estado previsto no artigo 10 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, de acceso á información pública e bo goberno.

Medida 2.6.4. Establecer un acceso directo/enlace ao portal de transparencia da Unión Europea.

Desde o portal de transparencia e goberno aberto poderá accederse ao Portal de Transparencia da Unión Europea o que permitirá á cidadanía acceder a toda a información e documentación do seu interese relativa, entre outras, ás seguintes materias: información sobre a avaliación de impacto da Comisión, rexistro de grupos de expertos, rexistro de transparencia da Unión Europea.

Medida 2.7. Aplicación móbil gratuíta

Co obxecto de facilitar a súa difusión a Xunta de Galicia deberá impulsar as actuacións e medidas necesarias co obxecto de facilitar o acceso ao portal de transparencia e goberno aberto desde unha aplicación móbil gratuíta.

Medida 2.8 Difusión do portal de transparencia e goberno aberto

A Xunta de Galicia difundirá a través da súa páxina web a posta en marcha do portal de transparencia e goberno aberto co obxectivo de incrementar os niveis de transparencia e de poñer á disposición da cidadanía unha base de datos que ademais de conter a información pública expresamente prevista pola normativa vixente publicará información complementaria e adicional, tal como a institucional e organizativa, económica, orzamentaria ou estatística.

Incrementar a facilidade na procura de datos de libre acceso a toda a cidadanía, sen limitacións técnicas e publicados en formatos abertos e estruturados para fomentar a reutilización da información pública e aumentar así a transparencia na Xunta de Galicia.

C) Eixe 3. Impulso do portal Abert@s - Portal Open Data da Xunta de Galicia

Obxectivos do eixe

A publicación dos datos que posúen as Administracións públicas en formatos abertos é a forma óptima de xerar confianza nas institucións porque expón o traballo que se realiza nas distintas institucións e mostra como se xestionan e invisten os recursos públicos.

O Decreto 201/2011, do 13 de outubro, regula a presenza da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia na internet e define o catálogo de portais como instrumento para a organización da presenza da Administración na internet e serve de elemento transversal de coordinación da presenza e servizos en Internet de todos os departamentos da Administración pública galega.

O artigo 23 do devandito Decreto insta todos os órganos e unidades da Administración xeral e do sector público autonómico a facilitar, de forma progresiva, os mecanismos que posibiliten o acceso a esa información reutilizable por medio dun espazo único. Este espazo, a través do cal se pon á disposición da cidadanía e empresas a información de interese público para aproveitar a potencialidade que ofrece a súa reutilización, é o portal Open Data da Xunta de Galicia <http://abertos.xunta.es>, que se publicou en marzo de 2012.

Open Data significa poñer a información do sector público dispoñible en formatos estándar abertos, facilitando así tanto o acceso a mesma como a súa reutilización, permitindo a creación por terceiros de novos servizos, aplicacións ou establecendo novos criterios de análise da información.

Liñas mestras ou medidas do eixe

As liñas mestras ou medidas concretas que comportará o eixe 3 de actuación do presente programa son as seguintes:

Medida 3.1. Elaboración dun protocolo para a incorporación de novos conxuntos de datos

Medida 3.2. Dar maior difusión do portal Abert@s - Portal Open Data da Xunta de Galicia

Órganos:

Órgano executor: Amtega.

Órganos colaboradores: Secretaría xeral da Presidencia/secretarías xerais técnicas das diferentes consellerías.

Prazos:

- **Elaboración do protocolo:** primeiro semestre 2015.
- **Difusión del portal Abert@s:** actividade continuada a partir da elaboración do protocolo.

Medida 3.1. Elaboración dun protocolo para a incorporación de novos conxunto de datos

Elaborar un protocolo de incorporación de novos conxuntos de datos ao portal Open Data da Xunta de Galicia de xeito que se amplíe progresivamente o Catálogo de datos dispoñibles, incrementando así os conxuntos de datos catalogados e publicados co obxectivo de que poidan ser reutilizados por terceiros.

Coa incorporación de novos conxuntos de datos permitirase acceder, desde un único punto, aos distintos sitios web e recursos do sector público que ofrecen información a través dos catálogos de datos organizados e estruturados.

Medida 3.2. Dar maior difusión do portal Abert@s - Portal Open Data da Xunta de Galicia

Deberá darse un maior pulo a esta plataforma co obxectivo principal de incrementar a transparencia e acercar a información pública á cidadanía a través do uso das novas tecnoloxías.

Medida 3.2.1. Novas canles corporativas de comunicación institucional da Xunta de Galicia e de canles informativas de temáticas especializadas

Deberán utilizarse as novas canles corporativas de comunicación institucional da Xunta de Galicia e de canles informativas de temáticas especializadas baseadas nos servizos de redes sociais electrónicas e dixitais como Facebook, Twitter, Youtube, Flickr e os blogs para dar a máxima difusión ao portal Abert@s .

Medida 3.2.2. Establecer un acceso directo/enlace ao portal Abert@s - Portal Open Data da Xunta de Galicia

Deberá establecer un acceso directo no portal de transparencia e goberno aberto ao portal Abert@s - Portal Open Data da Xunta de Galicia para permitir á cidadanía acceder desde un único sitio web á toda a información pública que o sector público autonómico pon a súa disposición.

Medida 3.2.3. Establecer unha sección específica para empresas no portal

Deberá establecerse unha sección específica no portal Abert@s - Portal Open Data da Xunta de Galicia dirixida ás empresas que permita que estas podan informar a Administración acerca das aplicacións que fosen xeradas sobre a base dos datos abertos facilitados polas administracións públicas.

D) Eixe 4. Aprobación dun novo decreto do Rexistro de Convenios

A Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, establece que se publicará a relación dos convenios subscritos, con mención das partes asinantes, o seu obxecto, prazo de duración, modificacións realizadas, obrigados á realización das prestacións e, se é o caso, as obrigas económicas convidadas.

Obxectivos do eixe

A futura lei galega de transparencia e bo goberno, ademais de dar cumprimento aos preceptos normativos básicos, desenvolverá e incrementará estas esixencias, co compromiso de manter un rexistro de convenios público, accesible dentro do portal de transparencia e goberno aberto.

Unha vez que entre en vigor esta lei, cómpre elaborar un novo decreto que supere e mellore a regulación contida no vixente Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia. O obxectivo é aumentar a súa funcionalidade tecnolóxica e a súa transparencia, ao tempo que se garanta unha maior accesibilidade por parte da cidadanía. Estes aspectos suporán un avance na axilización e simplificación da tramitación administrativa neste eido.

Ademais de estar accesibles os convenios no portal web de transparencia e goberno aberto, dentro dos primeiros vinte días dos meses de xaneiro, maio e setembro de cada ano, publicarase no *Diario Oficial de Galicia* unha relación dos subscritos referida ao cuadrimestre anterior. Cando os devanditos convenios impliquen obrigas económicas para a Facenda autonómica, sinalaranse con claridade o importe destas, o obxecto do convenio e a persoa ou entidade destinataria da prestación.

Órganos:

Órgano executor: Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias).

Prazo: 1 ano desde a entrada en vigor do presente programa.

E) Eixe 5. Elaboración e tramitación dunha nova Lei de ordenación da asistencia xurídica da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público

Obxectivos do eixe

Entre as facultades dos servizos xurídicos tanto da Administración xeral do Estado como das comunidades autónomas atópase a de representación e defensa en xuízo das persoas que ocupen altos cargos ou sexan empregadas do sector público.

A normativa legal vixente en Galicia, a Lei 7/1984, do 26 de xuño, de regulación provisional dos servizos xurídico-contenciosos da Xunta de Galicia, non recolle os criterios e condicións baixo os que estas persoas poden acceder a esta prerrogativa. Os ditos criterios, aínda que si se atopan máis definidos no Decreto 343/2003, polo que se aprobou o Regulamento da asesoría xurídica, foron obxecto de xurisprudencia do Tribunal Supremo e deben ser desenvolto e concretados na configuración dunha nova normativa legal.

Neste sentido, a Xunta de Galicia comprométese á elaboración e tramitación dunha nova Lei de ordenación da asistencia xurídica da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público, na cal, entre outros obxectivos, se establezan os mecanismos oportunos para atender só a defensa daquelas persoas que non actúen de xeito ilexítimo nin manteñan no proceso intereses contrapostos aos da Xunta de Galicia.

Órganos:

Órgano executor: Asesoría Xurídica Xeral.

Prazos:

Aprobación do anteproxecto de lei: marzo de 2015.

Remisión do proxecto de lei ao Parlamento: xuño de 2015.

F) Eixe 6. Impulso e seguimento das medidas do Código ético Institucional da Xunta de Galicia

Obxectivos do eixe

Co obxecto de dar impulso á transparencia, á rendición de contas ante a cidadanía e á vocación de servizo público, con data do 24 de xullo de 2014 o Goberno galego aprobou o Código ético Institucional da Xunta de Galicia, un manual que regula e condensa nun único documento os criterios básicos de conduta e responsabilidade profesional no ámbito da Administración autonómica galega.

O Código ético incorpora previsións en materia de incompatibilidades, reforza os mecanismos de prevención e transparencia ante potenciais conflitos de intereses e tratos de privilexio, potencia a imparcialidade e establece cláusulas específicas para o uso responsable dos recursos públicos, ademais de integrar a regulación específica aprobada en 2011 relativa ao desenvolvemento das misións e viaxes oficiais ao exterior.

O Código ético é de aplicación aos altos cargos, persoal de confianza e ao conxunto dos empregados públicos do sector público autonómico e tamén vincula as empresas que presten servizos ou contraten coa Xunta de Galicia.

Liñas mestras ou medidas do eixe

As liñas mestras ou medidas concretas que comportará o eixe 6 de actuación do presente programa, co obxecto de dar impulso ás medidas do Código ético institucional da Xunta de Galicia, son as seguintes:

Medida 6.1. En materia de contratación pública

Medida 6.2. En materia de procesos selectivos

Medida 6.3. En materia de viaxes oficiais ao exterior dos cargos da Administración autonómica

Medida 6.4. En materia de mostras de cortesía e/ou atencións protocolarias

Medida 6.5. En materia de transparencia parlamentaria

Medida 6.1. En materia de contratación pública

As resolucións das peticións de aclaracións técnicas deberán ser sempre publicadas na Plataforma de Contratos de Galicia para que estean ao dispor de todos os concorrentes por igual.

Nos procedementos negociados fixarase a realización dunha fase de negociación dos termos contractuais coas empresas invitadas para acadar a oferta coa mellor relación calidade/prezo.

En desenvolvemento do artigo 25 da Lei 14/2013, do 27 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, sobre contratación ecolóxica e socialmente responsable, a Xunta de Galicia elaborará unha guía de cláusulas sociais e ambientais na contratación pública que incluírá medidas, orientacións prácticas e exemplos para introducir previsións neste eido tanto nas cláusulas administrativas como nas prescricións técnicas dos contratos.

Órganos:

Órgano executor: Asesoría Xurídica Xeral, Consellería de Facenda (Xunta Consultiva de Contratación Administrativa).

Órganos colaboradores: Secretaría Xeral de Igualdade, Consellería de Facenda (Xunta Consultiva de Contratación Administrativa), Consellería de Traballo e Benestar (Secretaría Xeral de Política Social).

Prazos:

Publicación aclaracións: desde a aprobación do Programa de impulso democrático da Xunta de Galicia.

Fixación fase de negociación: desde a aprobación do Programa de impulso democrático da Xunta de Galicia.

Elaboración da guía de cláusulas sociais e ambientais na contratación: 3 meses desde a aprobación do Programa de impulso democrático da Xunta de Galicia.

Medida 6.2. En materia de procesos selectivos

Adoptaranse, de xeito homologado, normas de funcionamento e garantías reforzadas de transparencia para os procesos selectivos que afecten o sector público autonómico co obxectivo de impedir posibles filtracións que poidan proporcionar algunha información que poida supoñer vantaxe ou privilexio a calquera aspirante.

Órganos:

Órgano executor: Consellería de Facenda (Dirección Xeral de Función Pública)/ Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos)/ SERGAS.

Prazo: 6 meses desde a aprobación do Programa de impulso democrático da Xunta de Galicia.

Medida 6.3. En materia de viaxes oficiais ao exterior dos cargos da administración autonómica

O Goberno galego actuará segundo o principio de transparencia, tanto na organización e desenvolvemento das actividades no exterior como no relativo ás informacións sobre a consecución dos obxectivos marcados e os gastos orixinados.

Comparecerá no Parlamento para informar e explicar os obxectivos, a axenda e os resultados das viaxes institucionais realizadas fóra do territorio do Estado español.

Órganos:

Órgano executor: Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, AA.PP. e Xustiza (Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea).

Prazo: semestralmente (comparecencia no Parlamento –como mínimo, unha vez por período de sesións– para informar e explicar os obxectivos, a axenda e os resultados das viaxes institucionais realizadas fóra do territorio do Estado español).

Medida 6.4. En materia de mostras de cortesía e/ou atencións protocolarias

Crearase un rexistro para o oportuno inventario, localización e seguimento das atencións de cortesía social e institucional recibidas tanto por autoridades como polo resto de persoal autonómico, así como dos obsequios oficiais ou de carácter protocolario que se poidan recibir en exercicio de misións institucionais, cando polas súas características deban integrarse no patrimonio da Comunidade Autónoma.

Órganos:

Órgano executor: Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, AA.PP. e Xustiza (Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa)/órganos internos das consellerías con competencias no ámbito sanitario e educativo.

Prazo: 1 mes desde a aprobación do Programa de impulso democrático da Xunta de Galicia.

Medida 6.5. En materia de transparencia parlamentaria

Elaborar, para a súa elevación ao Parlamento, un informe anual de seguimento sobre o nivel de cumprimento do Código ético polos órganos que teñen atribuído o control e xestión do cumprimento das obrigas que nel se conteñen.

Órganos:

Órgano executor: Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, AA.PP. e Xustiza (Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa)/órganos internos das consellerías con competencias no ámbito sanitario e educativo.

Prazo: elaboración dun informe anual de seguimento sobre o nivel de cumprimento do Código ético institucional da Xunta para a súa elevación ao Parlamento.

G) Eixe 7. Impulso dun maior control de subvencións e bolsas para evitar posibles fraudes

Obxectivos do eixe

O Parlamento de Galicia aprobou o 9 de outubro de 2014, dentro das propostas de resolución derivadas do debate de política xeral, unha proposta co seguinte texto: “O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a mellorar o control das subvencións e bolsas outorgadas, para evitar posibles fraudes”.

A Xunta de Galicia elaborará un proxecto de análises de efectivos, en adiante PAEX, cuxos obxectivos xerais son os seguintes:

- 1) Dispor do cadro de persoal na organización debidamente optimizada e coa adecuada carga de traballo.
- 2) Establecer un correcto dimensionamento do cadro de persoal de cada unha das unidades obxecto da análise.
- 3) Dispor dunha bolsa de persoal que permita facer fronte ás situacións de exceso de carga de traballo.
- 4) Establecer a dimensión óptima dun departamento en función da súa carga de traballo.

En concreto, e para acadar o obxectivo previsto no presente eixe 7 farase un estudo específico sobre o dimensionamento dos efectivos e cadros de persoal en función da carga de traballo que realmente soportan as diferentes unidades administrativas (subdireccións xerais/ xefaturas de servizos) encargadas de xestionar as axudas e subvencións e as autorizacións, permisos e licenzas, para detectar os posibles excedentes que poidan existir como consecuencia da supresión de liñas de axudas e subvencións e da transformación das autorizacións, permisos e licenzas en declaracións responsables ou comunicacións previas como consecuencia da aplicación da Directiva Europea de Servizos.

Unha vez obtidos os resultados do estudo, derivado do PAEX, efectuarase unha redistribución de efectivos e funcións para aquelas áreas de xestión deficitarias de persoal, téndose en conta a situación dos efectivos de cada unidade tramitadora establecendo como un dos obxectivos prioritarios, se as necesidades así o demandaren, as medidas de reforzo que se aconsellen coa finalidade de realizar o seguimento, control e comprobación das referidas subvencións ou bolsas, coa posibilidade de realizar unha redistribución de efectivos, de conformidade co establecido na normativa de función pública.

Liñas mestras ou medidas do eixe

Tendo en conta os resultados do PAEX, a Xunta de Galicia porá en funcionamento diferentes mecanismos de impulso para acadar un maior seguimento, control e comprobación de subvencións e axudas públicas que serán levados a cabo por persoal propio da Xunta de Galicia.

Tras a realización das correspondentes análises efectuadas pola Xunta de Galicia, no suposto en que se detecten situacións de efectivos de persoal excedentes en determinadas unidades, estes poderán ser destinados, mediante unha redistribución de efectivos de conformidade co establecido na normativa de función pública, a suplir situacións deficitarias de persoal noutras áreas, co obxectivo de proceder á verificación do cumprimento ou realización das actuacións polas que se obtivo un financiamento público para evitar posibles fraudes.

Órganos:

Órgano executor da realización do Proxecto de Análises de Efectivos da Xunta de Galicia (PAEX): Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, AA.PP. e Xustiza (Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa)/Consellería de Facenda (Dirección Xeral de Función Pública).

Órgano executor das medidas de reforzo no control das subvencións: unidades administrativas xestoras de axudas e subvencións.

Órganos colaboradores: Secretaría Xeral da Presidencia/secretarías xerais técnicas das diferentes consellerías.

Prazos: segundo semestre de 2015.

H) Eixe 8. Establecemento de mecanismos de control da legalidade e de seguridade xurídica e de colaboración no eido local

Obxectivos do eixe

A transparencia dos procedementos administrativos no eido local verase incrementada a través da implantación dunha serie de mecanismos de control da legalidade no eido local, coa finalidade de garantir a necesaria seguridade xurídica aos órganos de goberno municipal, posibilitando a obtención, dentro da propia Administración, dunha segunda opinión xurídica cando existan discrepancias coa opinión xurídica dos técnicos municipais, evitando a posibilidade de informes externos *ad hoc*, e homoxeneizando a interpretación xurídica no ámbito municipal.

Deste xeito, e para garantir unha maior coherencia na interpretación da normativa no ámbito municipal, este programa aposta polo reforzo de determinados órganos, permitindo que a través da consulta realizada desde a Administración local se establezan criterios homoxéneos aplicables a calquera concello e dotando de maior seguridade xurídica tanto aos responsables políticos como aos propios administrados.

Os eidos de decisión que resultarían máis beneficiados deste labor serían os seguintes:

- Contable: reforzando o papel do Consello de Contas como árbitro para discernir sobre os reparos que os interventores poñen a decisións no eido local.
- Xurídico: considerando a posibilidade de que o Consello Consultivo funcione como árbitro para discernir sobre os reparos que os secretarios municipais poñen a decisións no eido local cando se acredite que son contrarios ao criterio doutros secretarios municipais en asuntos en que existe identidade de razón.
- Contractual: establecendo que o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia abrangue o eido local galego e potenciando a Xunta Consultiva de Contratación Administrativa como centro de coñecementos que resolva dúbidas xurídicas en materia contractual das entidades locais.
- Urbanístico: reforzando o papel da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística como entidade que, ademais de asumir as funcións urbanísticas de determinados concellos poida resolver, nas materias da súa competencia, tamén consultas daqueles que non teñen a competencia delegada.

As resolucións tomadas por estes órganos nos asuntos formulados deberán ser de dominio público, para poder servir como guía interpretativa da normativa.

En definitiva, a activación destas medidas permitiría eliminar a discrecionalidade na interpretación xurídica da normativa, posibilitando unha maior seguridade xurídica na toma de decisións e dotando os concellos, especialmente aqueles con menos recursos económicos, dunha ferramenta de grande relevancia no eido da asesoría legal.

A Xunta de Galicia, xunto co órgano competente en materia de transparencia que se estableza na futura lei de transparencia e bo goberno, prestará a colaboración necesaria xunto coa Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) na asistencia que as distintas deputacións provinciais deban prestar aos concellos que o requiran para implementar as medidas de transparencia previstas na normativa básica en materia de transparencia e bo goberno.

Liñas mestras ou medidas do eixe

As liñas mestras ou medidas concretas que comportará o eixe 8 de actuación do presente programa, co obxecto de implantar mecanismos de control da legalidade e de seguridade xurídica no eido local, son as seguintes:

- | |
|---|
| <p>Medida 8.1. Atribución ao Consello de Contas da facultade de emitir informe facultativo sobre os reparos presentados polos interventores das entidades locais</p> <p>Medida 8.2. Atribución ao Consello Consultivo da facultade de emitir informe facultativo sobre os reparos presentados polos secretarios das entidades locais</p> <p>Medida 8.3. Control da actividade de contratación pública das entidades locais polo Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia</p> <p>Medida 8.4. Atribución á Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da facultade de emitir informe facultativo sobre as dúbidas en materia contractual das entidades locais</p> <p>Medida 8.5. Atribución á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística da facultade de emitir informe facultativo sobre as dúbidas en materia urbanística das entidades locais</p> <p>Medida 8.6. Asistencia por parte das deputacións provinciais aos concellos na implantación de medidas en materia de transparencia e bo goberno</p> |
|---|

Medida 8.1. Atribución ao Consello de Contas da facultade de emitir informe facultativo sobre os reparos presentados polos interventores das entidades locais.

Promoción dun acordo entre os grupos parlamentarios, logo de acordo coa FEGAMP, para adoptar as reformas legais pertinentes para introducir como unha das funcións do Consello de Contas a posibilidade de emitir informe facultativo, por petición dos órganos de goberno local, sobre os reparos presentados polos interventores, contribuíndo a unha interpretación homoxénea da normativa no eido local galego.

Órganos:**Órgano executor:** Consello da Xunta

Medida 8.2. Atribución ao Consello Consultivo de Galicia da facultade de emitir informe facultativo sobre os reparos presentados polos secretarios das entidades locais

Promoción dun acordo entre os grupos parlamentarios, logo de acordo coa FEGAMP, para adoptar as reformas legais pertinentes para introducir como unha das funcións do Consello Consultivo a posibilidade de emitir informe, por petición dos órganos de goberno local, sobre os reparos presentados polos secretarios municipais en casos en que se acrediten criterios contrarios entre diferentes secretarios en asuntos en que exista identidade de razón, contribuíndo a unha interpretación homoxénea da normativa no eido local galego.

Órganos:**Órgano executor:** Consello da Xunta

Medida 8.3. Control da actividade de contratación pública das entidades locais polo Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia

A través da Lei de garantía de calidade dos servizos públicos e da boa administración, búscase autorizar a Xunta de Galicia para creación dun tribunal administrativo de contratación pública en Galicia.

Este novo órgano resolverá os recursos especiais en materia de contratación non só no sector público autonómico senón tamén nas administracións locais de Galicia.

A súa existencia, por tanto, garantirá a transparencia e a suxeición a dereito dos procedementos contractuais elaborados polas administracións locais galegas, pois calquera presunción de irregularidade no procedemento poderá ser impugnada ante este órgano.

Unha vez entrada en vigor a lei que habilita a súa creación, deberá constituírse o devandito tribunal para comezar o seu funcionamento ordinario.

Órganos:

Órgano executor: Consellería de Facenda.

Órgano colaborador: Asesoría Xurídica Xeral, Secretaría Xeral da Presidencia e secretarías xerais técnicas das consellerías.

Prazos: segundo semestre de 2015.

Medida 8.4. Atribución á Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da facultade de emitir informe facultativo sobre as dúbidas en materia contractual das entidades locais

A través dos seus artigos 34 e 35, a Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, configurou a Xunta Consultiva de Contratación Administrativa como centro de coñecementos en materia de contratación pública e determinou que os órganos de contratación do sector público local poderían recorrer ao seu asesoramento.

En virtude do Plan de mellora da contratación pública 2014-2016 aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o 12 de xuño de 2014, estableceuse como unha liña de actuación a aprobación dun novo decreto regulador deste organismo que desenvolvese as súas novas funcións como centro de coñecementos.

Este programa de impulso democrático da Xunta de Galicia retoma ese mandato e engade a necesidade de incorporar nos contidos dese decreto a regulación dos procedementos concretos de solicitude de ditames desde o eido local, garantindo a posibilidade de consulta dos ditames emitidos e, en consecuencia, de unificación de criterios xurídicos para os órganos de contratación das entidades locais.

Órganos:

Órgano executor: Consellería de Facenda.

Prazos:

Aprobación proxecto de decreto: segundo semestre de 2015.

Medida 8.5. Atribución á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística da facultade de emitir informe facultativo sobre as dúbidas en materia urbanística das entidades locais

A Axencia de Protección da Legalidade Urbanística de Galicia (en diante, APLU) é un ente público de natureza consorcial, dotado de personalidade xurídica, patrimonio e orzamento propios e plena autonomía no cumprimento das súas funcións, para o desenvolvemento en común pola Administración autonómica e os municipios que voluntariamente se integren nela das funcións de inspección, restauración da legalidade e sanción en materia de urbanismo e o desempeño de cantas outras competencias lle asignen estes estatutos.

Por Decreto 213/2007, do 31 de outubro, foron aprobados os estatutos da APLU e no artigo 3 do dito decreto recóllense as funcións da dita entidade entre as que se atopa a de asesor e asistir as administracións públicas integradas na Axencia nas materias da súa competencia.

Considérase conveniente aproveitar a experiencia e os coñecementos acumulados por esta entidade consorcial para exercer tamén unha función asesora naqueles concellos que reteñen as súas competencias urbanísticas.

Por todo o anterior, levarase a cabo unha modificación do devandito decreto para atribuírle á APLU a función de resolución de consultas sobre dúbidas en materia de legalidade urbanística promovidas tamén por aqueles concellos que non teñan delegadas as súas competencias nela, respecto daquelas materias e funcións atribuídas á dita entidade consorcial.

Órganos:

Órgano executor: Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (Axencia de Protección da Legalidade Urbanística de Galicia).

Prazos:

Aprobación proxecto de decreto: 3 meses desde a aprobación do Programa de impulso democrático da Xunta de Galicia.

Medida 8.6. Asistencia das deputacións provinciais aos concellos na implantación de medidas en materia de transparencia e bo goberno

Os concellos son destinatarios das obrigas previstas na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, segundo recolle o seu artigo 2.1 a) (entidades que integran a Administración local).

A Xunta de Galicia, xunto co órgano competente en materia de transparencia que se estableza na futura lei de transparencia e bo goberno, prestará a colaboración necesaria xunto coa Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) na asistencia que as distintas deputacións provinciais deban prestar aos concellos que o requiran para implementar as medidas de transparencia previstas na normativa básica en materia de transparencia e bo goberno.

Órganos:

Órgano executor: deputacións provinciais.

Órgano colaborador: Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, órgano competente en materia de transparencia que se estableza na futura lei de transparencia e bo goberno e FEGAMP.

- I) Eixe 9. Execución e seguimento das obrigas previstas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e dos indicadores establecidos por organizacións ou entidades europeas/internacionais de recoñecido prestixio en materia de transparencia**

Liñas mestras ou medidas do eixe

As liñas mestras ou medidas concretas que comportará o eixe 9 son as seguintes:

Medida 9.1. Execución e seguimento das obrigas previstas na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno

Medida 9.2. Execución e seguimento dos indicadores establecidos por organizacións ou entidades europeas/internacionais de recoñecido prestixio en materia de transparencia

Órganos:

Órgano executor: Secretaría Xeral da Presidencia e secretarías xerais técnicas das distintas consellerías.

Órgano colaborador e coordinador: Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, AA.PP. e Xustiza (Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa), Amtega.

Prazos: desde o día seguinte á entrada en vigor do Programa de impulso democrático da Xunta de Galicia.

Medida 9.1. Execución e seguimento das obrigas previstas na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno

A Administración das comunidades autónomas está incluída no ámbito de aplicación da Lei estatal 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, cuxos títulos preliminar, I e III entran en vigor ao ano da súa publicación, en decembro de 2014.

Para dar cumprimento ás obrigas de publicación activa derivadas da aplicación da citada lei estatal, a Comunidade Autónoma Galega publicará a información na súa sede electrónica e páxina web institucional dun xeito claro, estruturado e entendible para as persoas interesadas e, preferiblemente, en formatos reutilizables.

Estableceranse os mecanismos axeitados para facilitar a accesibilidade, a interoperabilidade, a calidade e a reutilización da información publicada, así como a súa identificación e localización.

Medida 9.1.1. Información institucional, organizativa e de planificación

O artigo 6 da Lei estatal 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, establece a información institucional, organizativa e de planificación que debe ser obxecto de publicación.

En consecuencia os órganos do sector público autonómico galego publicarán a información relativa ás funcións que desenvolven, a normativa que lles é de aplicación, así como a súa estrutura organizativa. Incluirán un organigrama actualizado que identifique os responsables dos diferentes órganos e o seu perfil e traxectoria profesional.

Así mesmo, publicarán os plans e programas anuais e plurianuais en que se fixen obxectivos concretos, así como as actividades, medios e tempo previsto para a súa consecución. O seu grao de cumprimento e resultados deberán ser obxecto de avaliación e publicación periódica xunto cos indicadores de medida e valoración.

Levaranse a cabo avaliacións do cumprimento destes plans e programas pola Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa e polos órganos específicos de cada consellería.

Medida 9.1.2. Información de relevancia xurídica

O artigo 7 da Lei estatal 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, relaciona a información de relevancia xurídica que debe ser publicada polas administracións públicas incluídas no seu ámbito de aplicación.

Para os efectos de dar cumprimento a este mandato normativo o sector público autonómico galego, no ámbito das súas competencias, publicará:

a) As directrices, instrucións, acordos, circulares ou respostas a consultas formuladas polos particulares ou outros órganos na medida que supoñan unha interpretación do dereito ou teñan efectos xurídicos.

b) Os anteproxectos de lei e os proxectos de decretos legislativos cuxa iniciativa lles corresponda, cando se soliciten os ditames aos órganos consultivos correspondentes. No caso en que non sexa preceptivo ningún ditame a publicación realizarase no momento da súa aprobación.

c) Os proxectos de regulamentos cuxa iniciativa lles corresponda. Cando sexa preceptiva a solicitude de ditames, a publicación producirase unha vez que estes sexan solicitados aos órganos consultivos correspondentes sen que iso supoña, necesariamente, a apertura dun trámite de audiencia pública.

d) As memorias e informes que conformen os expedientes de elaboración dos textos normativos, en particular, a memoria da análise de impacto normativo regulada polo Real decreto 1083/2009, do 3 de xullo.

e) Os documentos que, conforme a lexislación sectorial vixente, deban ser sometidos a un período de información pública durante a súa tramitación.

Medida 9.1.3. Información económica, orzamentaria e estatística

O artigo 8 da Lei estatal 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, indica a información económica, orzamentaria e estatística que debe ser publicada.

En consecuencia, o sector público autonómico galego deberá facer pública, como mínimo, a información relativa aos actos de xestión administrativa con repercusión económica ou orzamentaria que se indican a continuación:

a) Todos os contratos, con indicación do obxecto, duración, o importe de licitación e de adxudicación, o procedemento utilizado para a súa celebración, os instrumentos a través dos que, se é o caso, se publiquen, o número de licitadores participantes no procedemento e a identidade do adxudicatario, así como as modificacións do contrato.

Igualmente, serán obxecto de publicación as decisións de desistencia e renuncia dos contratos. A publicación da información relativa aos contratos menores poderá realizarse trimestralmente.

Así mesmo, publicaranse datos estatísticos sobre a porcentaxe en volume orzamentario de contratos adxudicados a través de cada un dos procedementos previstos na lexislación de contratos do sector público.

b) A relación dos convenios subscritos, con mención das partes asinantes, o seu obxecto, prazo de duración, modificacións realizadas, obrigados á realización das prestacións e, se é o caso, as obrigas económicas convidas.

Igualmente, publicaranse as encomendas de xestión que se asinen, con indicación do seu obxecto, orzamento, duración, obrigas económicas e as subcontratacións que se realicen con mención dos adxudicatarios, procedemento seguido para a adxudicación e importe desta.

c) As subvencións e axudas públicas concedidas con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios.

d) Os orzamentos, con descrición das principais partidas orzamentarias e información actualizada e comprensible sobre o seu estado de execución e sobre o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira das administracións públicas.

e) As contas anuais que deban renderse e os informes de auditoría de contas e de fiscalización por parte dos órganos de control externo que sobre eles se emitan.

f) As retribucións percibidas anualmente polos altos cargos e máximos responsables das entidades instrumentais. Igualmente, faranse públicas as indemnizacións percibidas, se é o caso, con ocasión do abandono do cargo.

g) As resolucións de autorización ou recoñecemento de compatibilidade que afecten os empregados públicos, así como as que autoricen o exercicio de actividade privada aos altos cargos cando cesen da Administración autonómica.

h) As declaracións anuais de bens e actividades dos representantes locais, nos termos previstos na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

i) A información estatística necesaria para valorar o grao de cumprimento e calidade dos servizos públicos que sexan da súa competencia, nos termos que defina cada Administración competente.

Asemade, debe publicarse a información relativa a contratos e convenios celebrados con outras administracións públicas, así como das subvencións que reciban cando o órgano concedente sexa unha Administración pública.

Como información adicional e complementaria á exigida pola normativa básica estatal, tamén se publicarán.

- A relación dos bens inmobles que sexan propiedade do sector público autonómico ou sobre os que teñan algún dereito real.
- Os contratos menores formalizados, número de contratos e importe global, cunha periodicidade mínima trimestral.
- Os orzamentos da Comunidade Autónoma, con descrición das principais partidas orzamentarias e información actualizada sobre o seu estado de execución cunha periodicidade mínima trimestral.
- Os informes de morosidade previstos na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, e regulados na Orde HAP/2015/2012.

Medida 9.2. Execución e seguimento dos indicadores establecidos por organizacións ou entidades europeas/internacionais de recoñecido prestixio en materia de transparencia

O grao de transparencia informativa da Administración autonómica de Galicia está a ser obxecto dunha avaliación por parte da organización non governamental Transparency International (TI) España, que está dedicada a combater a corrupción e a promover a transparencia informativa como unha ferramenta que incide na redución ou prevención desa corrupción, así como ao desenvolvemento de diferentes estudos da transparencia a nivel das diferentes administracións ou ámbitos públicos de, entre outros, 25 países da Unión Europea, incluída España.

A dita organización avalía 80 indicadores distribuídos en 6 áreas da actividade administrativa.

Segundo os datos do derradeiro Índice de transparencia das comunidades autónomas (INCAU) elaborado en 2014 pola mencionada organización a Comunidade Autónoma Galega cumpre 75 dos 80 indicadores establecidos por esta organización.

En concreto cumpre todos os indicadores das seguintes áreas:

- a) Información sobre a comunidade autónoma,
- b) Relacións cos cidadáns e a sociedade da Comunidade Autónoma de Galicia,
- d) Transparencia nas contratacións de servizos, obras e subministracións,
- e) Transparencia en materias de ordenación do territorio, urbanismo e obras públicas,

Impulsarase o cumprimento da totalidade de indicadores establecidos pola organización non governamental Transparency International (TI) España.

J) Eixe 10. Formación en materia de transparencia, ética e bo goberno

Obxectivos do eixe

Deseñar e promover actividades de formación específica en materia de transparencia, ética e bo goberno co obxecto de asegurar que o persoal que presta servizos no sector público autonómico adquira as competencias necesarias e estea capacitado para aplicalas no seu posto de traballo.

Liñas mestras ou medidas do eixe

As liñas mestras ou medidas do eixe que se prevén ter en conta no marco do eixe 10 do presente programa son as seguintes:

Medida 10.1. Plan de formación xeral

Medida 10.2. Plan de Formación Específico

Medida 10.3. Formación e divulgación do Código ético Institucional da Xunta de Galicia

Medida 10.4. Mellora continua da formación en materia de transparencia

Órganos:

Órgano executor: Escola Galega de Administración Pública.

Órganos colaboradores: Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, AA.PP. e Xustiza (Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa).

Prazo: desde a aprobación do Programa de impulso democrático da Xunta de Galicia.

Medida 10.1. Plan de formación xeral

A Escola Galega de Administración Pública no exercicio das súas competencias de formación e perfeccionamento dos empregados públicos e en colaboración cos responsables dos departamentos e organismos implicados na implantación da Lei de transparencia e bo goberno, debe desenvolver e incorporar dentro do seu plan de formación xeral cursos divulgativos en materia de transparencia pública e bo goberno para formar o persoal nos dereitos e obrigas regulados pola lexislación vixente nesta materia.

O contido mínimo do programa do curso será o seguinte:

1. Introducción á transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
2. Requisitos e obrigas de publicidade activa.
3. Requisitos e obrigas derivadas do dereito de acceso á información pública
4. Requisitos e obrigas de bo goberno.
5. Organización, xestión e control da transparencia na Administración autonómica e no sector público de Galicia.
6. Avaliación e seguimento da transparencia.
7. Infraccións e sancións en materia de xestión da transparencia informativa e do acceso á información pública.

Medida 10.2. Plan de formación específico

A Escola Galega de Administración Pública debe desenvolver e incorporar dentro do seu plan de formación cursos específicos en materia de transparencia pública e bo goberno para formar o persoal que teña asignadas funcións ou tarefas específicas de aplicación das obrigas reguladas pola lexislación vixente na dita materia.

Medida 10.3. Formación e divulgación do Código ético institucional da Xunta de Galicia

A Escola Galega de Administración Pública debe integrar como materia transversal da súa programación accións de comunicación, formación e sensibilización en materia de principios éticos de actuación e, en particular, dará a coñecer ao persoal público os contidos do Código ético institucional da Xunta de Galicia aprobado polo Consello da Xunta o 24 de xullo de 2014 para a súa oportuna comprensión e posta en práctica en toda a organización.

Medida 10.4. Mellora continua da formación en materia de transparencia

A medida que se vaia desenvolvendo legal e regulamentariamente a materia de transparencia, bo goberno e código ético, así como a aplicación práctica das súas obrigas, deben ir identificándose novas necesidades formativas relacionadas con esta materia.

K) Eixe 11. Elaboración e tramitación dunha lei de financiamento de partidos políticos

Os partidos políticos configúranse como asociacións privadas de carácter voluntario pero, ao mesmo tempo, son unha parte esencial da arquitectura constitucional ao desenvolver funcións indispensables para o bo funcionamento do sistema democrático.

Os acontecementos producidos nos últimos tempos poñen de manifesto a necesidade de impulsar, no ámbito autonómico, medidas conducentes a restrinxir o financiamento dos partidos políticos aos fondos que se fixen nos orzamentos públicos e ás achegas do seus afiliados e simpatizantes.

Obxectivos do eixe

Coa aprobación da Lei de financiamento de partidos políticos preténdese:

- Regular nun texto único as subvencións públicas a partidos políticos, comprendendo tanto as relativas a gastos electorais como a gastos anuais de funcionamento.
- Suprimir as doazóns de empresas a partidos.
- Establecer medidas de transparencia adicionais ás previstas na normativa básica estatal para os partidos políticos e fundacións e asociacións vinculadas a partidos políticos que accedan ao financiamento con cargo ao orzamento.

Órganos:

Órgano executor: Consello da Xunta de Galicia.

Órgano colaborador: Consello Consultivo de Galicia.

Prazos:

Solicitud de elaboración do anteproxecto ao Consello Consultivo: novembro 2014.

Remisión do proxecto de lei ao Parlamento: febreiro 2015.

L) Eixe 12. Sistema de seguimento, mellora e actualización do Programa de impulso democrático da Xunta de Galicia

Obxectivo do eixe

Para asegurar a aplicación do disposto no Programa de impulso democrático da Xunta de Galicia e do regulado na normativa vixente de transparencia faise necesario deseñar un mecanismo de seguimento, mellora e actualización do programa.

Liñas mestras ou medidas do eixe

As liñas mestras ou medidas concretas que comportará o eixe 12 de actuación do presente programa son as seguintes:

- Medida 12.1. Protocolos de seguimento e control da aplicación do programa**
- Medida 12.2. Protocolos de mellora do programa**
- Medida 12.3. Difusión dos resultados de avaliación e seguimento do programa**

Órganos:

Órgano executor: Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, AA.PP. e Xustiza (Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa), Amtega.

Órganos colaboradores: Secretaría Xeral da Presidencia, secretarías xerais técnicas das consellerías.

Prazo: 1 ano desde a entrada en vigor da Lei galega de transparencia e bo goberno.

Medida 12.1. Protocolos de seguimento e control da aplicación do programa

Para unha correcta execución do programa é necesario dispoñer dunha metodoloxía de seguimento (por exemplo remisión de cuestionarios ás distintas unidades obrigadas segundo o disposto no programa) que permita obter información fiable do estado de avance do seu cumprimento.

Deberán establecerse reunións periódicas de seguimento do cumprimento do programa cos responsables da súa execución.

Medida 12.2. Protocolos de mellora do programa

Unha vez obtidos os resultados do seguimento do cumprimento do establecido no programa deberán establecerse protocolos de mellora do mesmo que serán deseñados conxuntamente pola Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa e os demais centros directivos da Administración autonómica.

Deberán establecerse reunións periódicas para a mellora continua do programa cos responsables da súa execución.

Medida 12.3. Difusión dos resultados de avaliación e seguimento do Programa

A Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa impulsará a elaboración e implantación do mecanismo de información dos resultados da avaliación, control e seguimento do programa, así como a publicación de datos estatísticos do grao de cumprimento das distintas medidas previstas no programa.